




LAGOA DA SERPE

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 13 km (ida e volta)

Dificultade: media-alta

Duración: 6 horas



Lagoa da Serpe e Trevinca no inverno

Unha camiñada para achegarse á Lagoa da Serpe gozando de amplas panorámicas da serra do Eixe, o val glacial do Xares, aos pés de Trevinca, a serra Calva e o val glacial do Bibei.

A ruta discorre totalmente polo LIC Pena Trevinca, espazo no que podemos gozar, ademais das paisaxes, da gran biodiversidade que se fai diferente a cada hora e en cada estación do ano.

COMO CHEGAR:

Desde a Ponte cruzamos o lugar e o río Xares e seguimos o camiño que leva ao Fial (indicado). Podemos desviarnos polo sendeiro balizado, un pouco máis curto, pero con máis pendentes, ou seguir a pista que chega ao cume. Desde o alto do Fial hai vistas panorámicas da lagoa, logo para baixar hai unha forte pendente de aproximadamente 700 m. Esta ruta pode facerse travesía ata Porto de Sanabria, polo val do Bibei (9 km máis); seguir pola lagoa de Ocelo, A Morteira e Xares e volver á Ponte (13 km máis), ou baixar, con moita dificultade e co camiño sen indicar, ata o val do Xares e volver seguindo río abaixo (7 km máis).



Ascalaphus longicornis, un raro insecto cazador que se pode atopar neste espazo.



Baixando do Fial cara á lagoa. De fronte o val do Bibei.



Val do Bibei coa serra do Eixe (Maluro e Trevinca)



Lagoa da Serpe

